

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 12 DE NOVEMBRO DE 2013.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)  
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)  
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)  
Dª María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)  
D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)  
Dª María Jesús Penela Mato (PP)  
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)  
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)  
Dª Marta López Arines (PP)  
D. Luis Juan Arceo López (PP)  
D. Manuel Asorey Suárez (PP)  
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

**INTERVENTORA XERAL**

Dona Isabel Pernas Sánchez

**SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as dez horas e sete minutos, reúñense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**1.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.**

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

*A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 8 de novembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e*

**Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:**

**1º.-APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.**

Procede o Secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

"Visto que a última actualización da taxa pola recollida do lixo, tivo lugar no exercicio 1996.

Visto que se trata dun servizo enormemente deficitario para o concello, e que no Plan de Axuste aprobado por maioría absoluta no Pleno da Corporación celebrado o 28 de marzo do 2012, adquiriuse o compromiso de incrementar a taxa por este servizo.

Visto o texto do proxecto da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos.

Visto o informe económico financeiro, de data 4 de novembro de 2013, e o informe da Intervención municipal, de data 5 de novembro.

Considerando o establecido nos artigos 17 a 27 do R.D.Ilexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 107 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, esta Presidencia, formula a seguinte PROPOSTA DE DITAME:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o proxecto da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos.

**SEGUNDO:** De conformidade co previsto no artigo 17 do R.D.Ilexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, proceder á inserción de anuncio do acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e exposición no Taboleiro de anuncios do concello durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas

**TERCEIRO:** Rematado o período de exposición pública, o Pleno do concello adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaran, aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, sen que entre en vigor a ordenanza namentres non se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra."

Rematada a lectura e antes de abrir a primeira quenda de interencións o Sr. Presidente dalle a palabra a Sra. Interventora quen expón que se incrementa a porcentaxe e da lectura ao cadro resultante das tarifas, asimesmo informa que se manteñen os mesmos epígrafes existentes e que o cobro das cotas tributarias farase semestralmente.

Intervén o Sr. Presidente quen dí que non se repercute o incremento anunciado por SOGAMA. Intervén a Sra. López Arines preguntando que se vai a facer con dito incremento de SOGAMA, ao que o Presidente resposto que en principio vaino a asumir o concello.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen pregunta en canto sube a porcentaxe ao que a Sra. Interventora resposto que llo dirá despois. Asimesmo pregunta que con ista previsión de incremento en canto se situaría a recadación total xa que debería constar no estudo económico. Respóstaselle por intervención que se lle facilitará xa que se calcula cunha regra de tres. Prosegue o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que a porcentaxe que conra o ORAL pola xestión recadatoria é moi grande e que era mellor rescatar a xestión por parte do conxcello, xa que aforrarían cartos. Por último pregunta que tipo de estudos existen respecto ao servizo ao que o Sr. Presidente dí que ese aspecto non vai relacionado co cobro da taxa.

Intervén a Sra. López Arines que pregunta se os ingresos están afectados ao que a interventora dí que non.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña (3) e a abstención dos Sres López Arines, Asorey Suárez, Arceo López e Rodríguez da Torre (4). En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamiento de lixo.”.

Rematada a lectura intervén o Sr. Alcalde quen dí para completar os datos que faltaban na comisión informativa que cun padrón de 5.076 usuarios a os dereitos recoñecios ascendían a 170.629,91 euros, agora coa suba ascenderían a 407.000,00, sendo o servizo deficitario xa que os gastos ascenderían a máis de 461.000,00 euros remata dicindo que non se subirá o incremento do custe de Sogama.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que este tema debería terse tratado antes e non nun pleno extraordinario, que é certo que a taxa non está actualizada e que quere darlle un pequeño tirón de orellas aos goberno anteriores por non ter actualizado a taxa xa que agora o incremento é brutal, que o contrato con Celta Prix está caducado dende o ano 2005, que existe a posibilidade de xestión directa e non só indirecta e que agora se lle brinda unha oportunidade ao concello por parte de deputación provincial mediante a adhesión a un convenio. Dí que de todos os xeitos bota en falla maior desglose nos epígrafes, que deben terse en conta os m<sup>2</sup> dos locais e que se exima a determinados colectivos.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, dí que o PSOE non solucionou o problema do lixo xa que se deixou extinguir no ano 2005, que agora se pretende unha suba do 140%. Dí que non existe ningún estudo sobre a viabilidade dun novo servizo e que se estude a posibilidade da xestión directa. En referencia á taxa que actualmente se está a devengar dí que é baixa pero que hai que ter en conta que servizo se está a prestar. Anuncia que presentarán alegacións no período de información pública e que lle parecen ben as emendas do PP en relación coa exención dos que teñen pensións non contributivas e tamén de persoas que están nunha situación de insolvencia, que hai que estudar a recollida no rural, que hai vivendas inhabitadas e

que non usan o servizo co cal non deberían pagar. Dí que reclaman unha suba progresiva e que se teñan en conta os establecementos comerciais no rural que non xeneran o mesmo lixo que os sitos en zona urbana.

Intervén o Sr. Alcalde dí que acepta o tirón de orellas do PP pero que outros anteriormente non actualizaron as taxas nin solucionaron o problema co contrato, que o modelo de xestión pode discutirse pero noutro pleno, que están dacordo coa emenda do PP, que é certo que os epígrafes poden ser insuficientes xa que se poderían poñer máis.

Solicita a palabra o secretario xeral da corporación séndolle concedida a mesma, dí que hai certos aspectos da emenda que deben ser obxectos de informe e que non se responsabilizar do acordo se a mesma é aprobada.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso e dille ao Sr. Rodríguez da Torre que Louzán non impuxo ningunha taxa, que o reciclaxe en SOGAMA é máis barato que en Lousame.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que o PP non sae por onde anda, que hai que analizar o medelo de xestión e que van presentar reclamacións.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada cos votos a favor dos membros do PSdeG-PSOE (6) e a abstención dos grupos municipais do PP e mixto (7), en consecuencia queda aprobada inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamiento de lixo nos termos en que foi presentada.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as dez horas e cincuenta e nove minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

